

NOME DA ACTIVIDADE

- **Entrevista de traballo**

TIPO DE ACTIVIDADE

- **ACTIVIDADE DE EXPRESIÓN ORAL E COMUNICACIÓN**

NIVEL

- **B1**

PARTICIPACIÓN NA ACTIVIDADE

- **POR PARELLAS E EN GRAN GRUPO**

DURACIÓN

- **MÁIS DE 40 MINUTOS**

CONTIDOS QUE SE TRABALLAN

- A comunicación oral nun contexto formal

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- Que o alumnado sexa quen de se desenvolver nunha situación formal
- Que o alumnado optimice as súas ferramentas comunicativas

ORIENTACIÓNS E CUESTIÓNS QE HAI QUE TER EN CONTA

- O docente pode artellar diferentes guións semellantes a este que se propón para que non teñan o mesmo todos os grupos.
- Hai que incidir en que o importante non é a decisión que se toma ao final, se lle dan ou non o traballo, ou se o acepta ou non, senón no tipo de argumentacións e de discurso que se empregaron en toda a entrevista.
- O entrevistador, a pesar de que ten un guión, pode intentar improvisar e facer a súa achega persoal.

DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE

O docente divide o gran grupo noutros máis pequenos. Dentro destes haberá unhas persoas que teñan un papel máis activo e outras que se centrarán en observar.

As que teñen un papel máis activo colócanse no centro do grupo no que participan. Unha delas vai ser a que enteviste e a outra a entrevistada. A entrevistadora, como é normal neste tipo de situacións, ten un guión para o desenvolvemento da entrevista.

A entrevistada ten como baza que é a mellor coñecedora do seu currículo e sabe que se axusta perfectamente ao seu perfil laboral, é xusto o que estaba buscando. Da empresa sabe a que se dedica, o tempo que leva traballando...

O colectivo de persoas que está arredor en cada un dos grupos deben reparar: uns nas cousas que se fan ben, e outros nas que se deben mellorar.

Todos os grupos poden poñer en marcha as súas dinámicas ao mesmo tempo, e finalmente facer unha posta en común no gran grupo.

MATERIAIS PARA A FICHA

Guión da persoa entrevistadora

L. Couto: Saúdao, infórmao de que é o director e pregúntalle se é D. Pena. [esténdelle a man para saudalo]

D. Pena:

L. Couto: Pídelle por favor que vaian ao seu despacho. [chegan ao despacho do señor Couto]

L. Couto: Pregúntalle o ano de remate da carreira.

D. Pena:

L. Couto: Pregúntalle se traballou en algo relacionado coa súa titulación.

D. Pena:

L. Couto: Fai unha referencia a que é da Pobra de Brollón. A continuación dille que no currículo figura que foi relator en varias conferencias, e pregúntalle sobre que trataban

D. Pena:

L. Couto: Pregúntalle se domina a linguaxe especializada...

D. Pena:

L. Couto: Quere saber se estivo algunha vez en Italia?

D. Pena:

L. Couto: Faille preguntas arredor da empresa e da súa actividade.

D. Pena:

L. Couto: Pregúntalle polas súas preferencias á hora de traballar na empresa: individualmente, en equipo....

D. Pena:

L. Couto: Pregúntalle se ten predisposición á mobilidade xeográfica e a viaxar con frecuencia.

D. Pena:

L. Couto: Finalmente pregúntalle como soubo do posto de traballo.

D. Pena:

L. Couto: Dálle as grazas por vir e dille que no prazo dunha semana recibirá noticias da empresa tanto para ben como para mal.

D. Pena:

Guión da persoa entrevistada

Vai a unha entrevista de traballo para cubrir o posto dun tradutor galego-italiano.

Debe agradecer ao entrevistador e demostrar dotes para o traballo.

Datos sobre D. Pena:

- Rematou a carreira no 2004.
- Estudou en Italia.
- Ten experiencia en traballos do seu ámbito.

Os datos que ten da empresa son:

- Que é unha empresa dunha envergadura considerable.
- Que ten catro sucursais en Galicia, ademais desa.
- Que se dedica, fundamentalmente, a darlles servizos e apoio informático ás grandes empresas.
- Que tamén realizan traballos de deseño .
- Que ten referencias deles por unha publicación técnica de telemedicina que o deixou impresionado.